


- **Polos vieiros da experimentación**



*As Médulas*

**Silvia Bardelás**

Barbantesa, Cangas do Morrazo, 2010, 235 páxs.

Cada vez máis as editoriais conciben o seu labor como un proceso de produción sometido ás leis do mercado. Por iso, as obras innovadoras, que requiren un lector con certa formación e que, ademais, estea disposto a realizar durante o proceso de lectura un esforzo, atopan moitos atrancos para seren publicadas. A novela de Bardelás pertence á narrativa chamada experimental, pois ensaia recursos que non é habitual atopar na narrativa galega, cada vez máis preocupada polo éxito comercial e de lectores.

A novela rompe coa tradicional disposición en capítulos ou calquera outro tipo de disposición convencional. A autora articula o relato en seis apartados divididos en fragmentos que encabeza por frases que destaca tipograficamente e que sitúan o lector. Deste xeito asistimos a unhas semanas da vida dos catro personaxes que forman as parellas Juan-Sara e José-Flora. Os membros destas dúas parellas son antitéticos, pois mentres Juan-Sara son persoas estudadas (médica e filósofo), Flora e José pertencen ao mundo da inmigración en Francia e non teñen ningún tipo de estudos. Mentres Juan-Sara están perfectamente integrados na súa sociedade (Madrid), Flora é unha musulmá que vive en Francia e José é tamén un emigrante inadaptado.

O que une os catro membros da parella, malia as súas diferenzas, é a súa profunda angustia existencial, que mesmo acaba en depresión en Juan e Sara. Os catro foxen dos seus lugares e van finalmente atoparse en Voces, unha aldea perdida preto das Médulas leonesas. O desacougo existencial e a depresión levan a Juan a abandonar Madrid e a recluírse para pensar sobre o seu futuro e a continuidade da súa relación con Sara na aldea de Voces, nunha casa herdada pola familia de Sara. Do mesmo xeito, a morriña, o sentirse estraño na sociedade

francesa, aínda que cobra un bo soldo, leva a José, unido xa con Flora, a volver á súa terra natal.

A novelista, nestes fragmentos continuos e sen ningún punto e á parte, presenta un anaco da vida dos catro personaxes, dunhas tres semanas, utilizando o contrapunto simultaneístico dun xeito moi atinado. Por outra banda, o lector ten que facer un considerable esforzo pois ha de ir montando a vida dos catro personaxes a partir das informacións dispersas que eles mesmos van dando sobre o seu pasado, en acertadas anapleses. Amósase a novelista como unha mestra no uso do estilo directo e indirecto libres que nos poñen en contacto de xeito doado co pensamento e mesmo actuar dos personaxes.

Na novela o argumento ten moi pouca importancia. Realmente non pasa nada máis ca a análise da conciencia destes catro personaxes, da causa das súas posibles inseguridades e ata depresións. Mesmo hai espazos que quedan abertos (así por exemplo non sabemos realmente por que quedou orfa de nai Sara ou de pai Flora). Temos que intuír as causas do cambio de nome de Flora, que antes se chamou Suha, máis tarde Cécile e agora definitivamente Flora (alusión ao proceso de aculturación dos inmigrantes?). Mesmo o adulterio perde todo o carácter de traxedia e de elemento central ao que estaría afeito un lector de novelas tradicionais ou mesmo de técnica máis novedosas.

A carón do emprego das devanditas técnicas innovadoras, chama a atención a minuciosidade descritiva que emprega a autora, mesturando a ominiscencia tradicional coas técnicas do obxectivismo, que nos lembran a *école du regard* francesa ou mesmo algúns textos e autores da *Nova Narrativa Galega*.

Nesta novela fundamentalmente intimista e ata lírica (é básica a análise do sentimento da depresión, do fracaso, do alleamento, da infelicidade, da saudade entendida como sufrimento sen causa debido á soidade ontolóxica do home nun mundo sen sentido), non falta tampouco unha visión crítica da nosa realidade representada pola vida baleira do triunfador social como é o pai de Sara, a emigración, a aculturación que sofren os inmigrantes no Primeiro Mundo ou o abandono do noso medio rural, convertido nunha especie de deserto, de mundo abandonado, perdido no espazo e no tempo, de xeito que esta paisaxe espiritual que nos pinta Bardelás fainos pensar nas paisaxes de Benet ou tamén de Onetti ou do propio Faulkner.

Mais esta historia onde o argumento importa tan pouco, paradoxalmente ten un desenlace que deixa no lector un sabor doce. As dúas parellas seguirán adiante, sendo a solidariedade entre elas a garantía para superar a depresión e o alleamento, tanto social como individual.

Esta novela pasou en gran parte desapercibida e a crítica galega, sempre tan dada a festexar os xa consagrados, non lle prestou moita atención. Cómpre sinalar o seu carácter innovador, de experimentación e de procura de novos camiños na narrativa galega, á marxe da simple e pura busca de lectores. Claro que é un texto difícil e que necesita dun lector que estea disposto a se esforzar. Benvidos sexan estes autores novos á narrativa galega como Silvia Bardelás.

Manuel Rodríguez Alonso